

DOCUMENTO-RESOLUCIÓN

Ao respecto dos ventres de alugueiro, encontrámonos fronte a un debate ante o que é preciso aclarar os conceptos e discernir os intereses agochados, xa que, en moitos casos, está transcendendo un relato incompleto e sesgado.

Son moitos os eixos e perspectivas que debemos ter en conta neste debate e un dos fundamentais, que determinará posicionamentos posteriores, pasa pola **concepción** que temos da **maternidade** e da **paternidade**. Estas non poden ter a categoría de dereitos, e non deben misturarse co dereito á reprodución, xa recoñecido.

Enmárcanse dentro da esfera dos **desexos**, e non podemos garantir a súa satisfacción, cando esta entra en colisión cos **dereitos das mulleres**, os cales, nunca deberían estar suxeitos a ningún tipo de contrato.

Este debate debe estar atravesado por completo pola perspectiva feminista e pola comprensión da situación internacional que propicia o capitalismo.

Cando falamos de equidade/**liberdade** neste caso falamos das discriminacións múltiples e en especial da desigualdade de oportunidades das mulleres que viven en contornos deprimidos economicamente. O neoliberalismo aprovéitase tamén, da situación de opresión que viven as mulleres polo entramado que xera o patriarcado. Temos que frear as situacións de desigualdade que están creando estes procesos para as mulleres con menos recursos que viven circunstancias de depresión económica.

Neste sentido, cando falamos dos ventres de alugueiro, regularizar este **proceso/práctica** é regularizar a desigualdade. Se abrimos un mercado sobre este proceso estaremos favorecendo que as mulleres pobres entren nel, alugando os seus corpos a persoas con máis recursos. Asistimos polo tanto a unha nova volta de torca na **mercantilización** dos corpos das mulleres, de novo, baixo os parámetros da súa función reprodutiva.

Non é ningunha novidade, o mercado atopa novos nichos onde sacar rendementos económicos a cotío, leva moito tempo, dando pasos progresivos no intento de mercantilizar todos os espazos das nosas vidas, e tamén os nosos corpos, converténdoo en obxectos de compra-venda.

A **invocación da liberdade individual**, nun contexto como este, non deixa de ser unha falacia. Un suposto dereito mercantilizado, ao que se lle pon prezo, convértese nun privilexio, non é un dereito. Estamos inmersas nun modelo de consumo acrítico, onde todo queda subalternizado á capacidade de pagar para satisfacer estes desexos, onde o único dereito que semella ser respectado en todas as circunstancias é o de poder consumir.

Por iso, fronte as imaxes idílicas que se trasladan dende a maioría dos medios de comunicación, onde se pon o foco nas futuras familias felices, debemos visibilizar os intereses económicos que están detrás e a situación das mulleres. Son moitas as axencias intermediarias privadas que poderían beneficiarse de levarse a cabo unha regulación.

Falamos de **ventres de alugueiro** e non de **xestación subrogada**, porque entendemos que os nomes importan, que a linguaxe é fundamental para expresar e “comunicar” a realidade, para a construción e reprodución do imaxinario social. Cando falamos de xestación subrogada, agochamos dúas realidades. Por unha banda a “mercantilización” da reprodución e pola outra o emprego do corpo da muller como se fora un medio de produción, un obxecto máis do mercado; así existiría unha focalización no proceso médico sen dar alcance á totalidade de características, entre elas as sociais.

O proceso d xestación non pode ser comparado cunha técnica de reprodución asistida, estamos ante un proceso complexo, que trae consigo modificacións físicas e psicolóxicas, ao igual que todas as xestacións. A posible inexistencia de vinculación xenética ou a non vinculación a posterior do parto non modifica en absoluto todas as modificacións que trae consigo unha xestación e un parto. Se consideramos que a xestación pode ser unha técnica, entón poderíamos falar de que todas as xestacións o son.

É por todo isto, que a nosa posición final é a de defender os dereitos das mulleres e opoñerse a calquera práctica que os poida vulnerar, coma consideramos que o é esta.